



QUEN SOMOS

A Unión Galega de Cooperativas do Mar - UGACOMAR é unha organización autónoma sen ánimo de lucro, que nace co obxectivo de defender os intereses comúns das cooperativas do mar da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das persoas que as integran, e de prestar os servizos que soliciten.

UGACOMAR está constituída por sete cooperativas do mar, todas elas integradas por titulares de explotacións e profesionais dedicados a actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de Galicia.

A promoción do cooperativismo como fórmula de desenvolvemento económico e social, o acordo de políticas e criterios en torno ao cooperativismo, e o aumento do nivel profesional e humano do sector tamén son obxectivos estratéxicos da nosa entidade.

OS NÓSOS OBXECTIVOS

Son fins da Unión Galega de Cooperativas do Mar – UGACOMAR, entre outros, os seguintes:

- Representar e defender os intereses das cooperativas asociadas ante entidades públicas e privadas de calquera ámbito nos planos económico, social, legal, político....
- Promover e fomentar actividades conxuntas que redunden en beneficio dos seus membros, fomentando a intercooperación tanto entre as cooperativas socias como outras organizacións cooperativas e da economía social.
- Fomentar o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento económico e social perante a sociedade galega.
- Participar en proxectos de desenvolvemento económico, social e cooperativo.

- Promover a mellora na organización e xestión das cooperativas do mar, facilitando, entre outros, servizos de asesoramento, de verificación de contas e auditorías, de asistencia xurídica e técnica.
- Desenvolver actividades de formación, información e promoción.
- Levar a cabo actuacións de conciliación e arbitraje entre as cooperativas asociadas ou entre estas e as súas respectivas persoas socias en caso de conflito.
- Participar efectivamente nas Institucións e Organismos da Administración, e sectoriais, que teñan relación co cooperativismo do mar en orde ao perfeccionamento do réxime legal, regulación de institucións do ordenamento socio-económico, e outras materias que poidan afectar ao Cooperativismo do Mar.



AS ENTIDADES ASOCIADAS



Co obxectivo fundamental de defender os intereses das persoas socias no ámbito representativo, produtivo, comercial e social nace en 2006 Cíes Artesanais S. Coop. Galega, como resultado da fusión das cooperativas Illas Cíes S. Coop. Galega, dedicada ao marisqueo a flote, e Naseiros S. Coop. Galega, dedicada á pesca extractiva.

A cooperativa está composta por oitenta persoas socias que realizan a pesca extractiva na Ría de Vigo, sendo propietarias de embarcacións de artes menores.

En Cíes Artesanais S. Coop Galega comercializamos principalmente nécora, polbo, ameixa rubia, ameixa babosa e camarón. Nas nosas transaccións comerciais a nosa clientela sempre atopa un excelente servizo e un produto de máxima frescura e calidade.



Cooperativa baseada nun minifundio de pequenas explotacións de ámbito familiar ten como actividade principal o cultivo e a comercialización do mexillón das Rías Baixas en fresco. Actividade que se reflicte tanto na venda á propia cooperativa, coma na venda a outras depuradoras.

A cooperativa está formada por 360 persoas socias concesionarias dun total de 357 viveiros flotantes dedicados ao cultivo do mexillón. Creada no ano 1977 coma Asociación de Produtores de Mexillón, transformouse no ano 1987 en Sociedade Cooperativa Limitada ao adquirir coma propiedade o Centro de Depuración que posúe.

A cooperativa pretende diferenciarse, a respecto doutras empresas do sector, a través duns produtos e servizos de calidade coa procura da sustentabilidade e a responsabilidade na pesca e cunha garantía total da trazabilidade do produto desde a recolección da semente de mexillón na batea ata a chegada ao/á consumidor/a final, e dignificando a profesión de mariscador/a, logrando isto grazas a implicación das persoas socias no proxecto empresarial.



S. Coop. Gallega
Ría de Arosa

COOPERATIVA DE MARISCADORES
HATCHERY DE ALMEJA Y OSTRA



Un grupo de veciños de Abanqueiro, Boiro, constituíron Ría de Arosa, S. Coop. Galega co ánimo de conseguir a xestión do litoral parroquial baixo o modelo cooperativo. Case que 40 anos despois a entidade agrupa a 428 persoas socias, sendo neste intre a única cooperativa de marisqueo a pé/flote de Galicia.

O modelo a desenvolver obrigou a implantar no sector ferramentas que levan consigo a mudanza dun marisqueo tradicional á autoxestión: Instalacións acordes as necesidades da entidade en relación os distintos servizos que se prestan a o colectivo de persoas socias, centro de expedición de moluscos e crustáceos, lonxa de almacenistas, ou a propia actividade do criadeiro de ameixa e ostra.

Dentro da liña de innovación que sempre caracterizou a Ría de Arosa, a entidade comezou no ano 2007 o estudo da súa Autorización Administrativa de cara a consecución, nas próximas datas, do estándar medioambiental - certificación de pesca sostible do MSC. Esta certificación permitirá canalizar a súa produción ata o consumidor final baixo a eco etiqueta de Marine Stewardship Council (4.896 produtos e 500 millóns de artigos a nivel mundial que supoñen o 12% das capturas globais).



Do respecto polo mar, súas distintas formas de vida e do traballo da xente que día a día sae a faenar, nace Artesáns da Pesca S. Coop. Galega. Constituída no 2009 a nosa cooperativa está composta por embarcacións de pesca artesanal con base en distintos portos galegos.

O esforzo das persoas socias da cooperativa por conservar a riqueza e a calidade das nosas augas mediante unha pesca artesanal, responsable e sostible, e o afán de ofrecer un servizo de calidade á nosa clientela e o noso selo diferenciador.

Debido á diversidade das artes de pesca que empregan as persoas socias da cooperativa, Artesáns da Pesca S. Coop. Galega comercializa unha ampla variedade de produtos propios, garantindo en todos eles o enorme valor da frescura e o seu orixe galego.





Constituída por trinta e catro persoas socias, propietarias de embarcacións dedicadas á pesca de baixura e ao marisqueo a flote, herdeiros da Asociación Profesional Naseiros Samertolomeu da Ría de Vigo, fundada no 1980, nace no 2007 Mar do Morrazo S. Coop. Galega.

O noso obxectivo principal é a realización de todo tipo de operacións encamiñadas ao mellor aproveitamento das actividades profesionais e das explotacións das persoas asociadas e a mellora económica e aproveitamento racional dos recursos da pesca tradicional, do marisqueo e da acuicultura.

En Mar do Morrazo S. Coop. Galega achegamos ao mercado unha ampla variedade de produtos de alta calidade, máis de oitenta especies diferentes, entre os que destacan o polbo, a pescadilla, a faneca, a ameixa rubia e a nécora.





A Sociedade Cooperativa Galega Samertolameu está integrada por pescadores que traballan no litoral galego, concretamente en Moaña. As persoas socias da cooperativa dedicámonos, entre outras artes, á pesca de polbo con nasas.

Coa finalidade de valorar a viabilidade do semicultivo intensivo de polbo en bateas, desde o ano 1998 a nosa cooperativa forma parte do proxecto experimental de engorde de polbo.





